(M. Dónega)

A Cruña, 24
abril
1976.

Maruxa e Luis Seoane
Buenos Aires

Amigos benqueridos:

Cando recibín a vosa decindo que xa facía dous meses pasados que tíñades escrito, fiquéi pasmado. O tempo corre que dá xenio vélo. ¿Razóns da miña demora en contestar? Moitas. Mais, pra amigos coma vosoutros, ningunha valedeira. O traballo profesional, absorvente e inmisericorde; as angueiras galeguistas en forma de libro que me encargóu "Galaxia" (unha escolma poética, con prólogo e notas, encol de Cabanillas, conmemorativa do centenario do nacemento do poeta); artigos e duas conferencias, co mesmo gallo, en Pontevedra e Lugo; a morte de Don Ramón e as consecuencias testamentarias da mesma; viaxes a Madrid pra me entrevistar cos ministros do Interior e máis de Educación en procura do arranxo dos problemas económicos da Academia; trapalladas de orde político que xa, a´miña edade, me producen acoros... E un longo etcétera, téñenme completamente embobado.

E, por si non chegara, a miña cuñada, á que lle amputaran unha perna por mór dun carcinoma, aparecéronlle agora metástasis no pulmón, no mediastino xustamente. Unha tremenda desgracia que tén abraiada á familia. Supoñemos que o final non ha tardar. Supoñédevos o cadro.

Seguimos as peripecias dese país con grande curiosidade. E, sin as entender moito, vemos que a cousa non tén doado arranxo. Unha desgracia coma outra calquera. Mírese por onde se mire semella que unha desgracia caéu sobor do xénero humán. A convivencia fáise traballosa, por non decir imposible. Non se ve xeito de equilibrar no mundo libertade e orgaización. O binomio ao se descompensar lévanos, asegún da banda que caia, ao desorde ou á tiranía. E non hai xeito de fuxir deste círculo infernal. Somentes a espranza poderá manternos en pe. A espranza humán, pra úns, e a espranza teologal, pra outros. Os franceses ben a distinguen con dúas verbas distintas: "l´espoir" e "l´esperance".

Bon. Deixándonos de andrómenas, diréiche, Luis, que co teu artigo de hoxe no suplemento dominical da VOZ, encol do libro LOS PRECURSORES, fiquéi apampado. Sabía, sí, da túa erudición, pero non tanto. O Santiago runfa tanto que non hai quen o ature.

Xa séi do voso interés polo "Museo Carlos Maside". Mais ésta é outra. As complicacións sucédense e o choio ficóu paralizado por mór dun pleito. O caso merece unha carta pra el soio. Será a prósima. Como máis, daquí a catro ou cinco dias. Entramentras, unha cinguida aperta pra vós os dous.

Dónega

Miña forte aperta
do voso amigo
Fernando.

Queridos Maruxa e Luis: de volta moito de vosos e das vellas rúas e prazas do Paseo de Rosalía. É bo de mesmo tanxer as fibras do recordo, do afecto, do interés, pero tamén a veces pode influír o humor, do que anduvo moito anduvo. Bicos e moitos abrazos. Fernando